




SALETA FERNÁNDEZ LÓPEZ

Saltadora de altura

**Dúas veces
campioa de
España
e catro veces subcampioa**

**Graduada en Publicidade,
Márketing e Relacións Públicas.
Mestrado oficial en Innovación
e Márketing Turístico**



COÑECENDO AS NOSAS DEPORTISTAS



SALTO DE ALTURA

Saleta Fernández López.

Monforte de Lemos, 15 de xullo do 1997.

Dúas veces campioa de España
e catro veces subcampioa en salto de altura.
Graduada en Publicidade, Márketing
e Relacións Públicas.
Mestrado oficial en Innovación
e Márketing Turístico.

Saleta nace en Monforte de Lemos e desde moi nova practica diferentes deportes, competindo en cros e carreiras populares no club do seu colexio, o CEIP A Gándara, aínda que finalmente elixe o salto de altura.

Saleta comeza a destacar, a ter boas marcas, e ingresa no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, mais ao cabo dun tempo decide trasladar súa residencia a Santander para adestrar coa gran saltadora Ruth Beitia.

A día de hoxe é dúas veces campioa de España, catro veces subcampioa, tendo como mellor marca 1,90 metros (récord galego absoluto).



Ademais compaxina a práctica deportiva coa académica, sendo graduada en Publicidade e Relacións Públicas e posuíndo un mestrado en Innovación e Turismo.

DEPORTE FEMININO


Saleta Fernández é unha especialista na proba de salto de altura.
Atopa información sobre as seguintes **mulleres deportistas**
que empregan o salto para seu deporte.
Que tipo de proba realizan?

Ana Peleteiro, Ruth Beitia,
Yelena Isinbayeva, Olaia Becerril

Sabías que... a saltadora **Ruth Beitia** é a única atleta española campioa olímpica en Río 2016, cunha marca de 1,97, e que só outra atleta, **María Vasco** en Sydney 2000, foi medalla olímpica obtendo o bronce nos 20 km marcha?

Permanece con moita atención, porque nestes xogos de Toquio as atletas galegas imos dar moito que contar...

Desiré Vila, Susana Rodríguez, Belén Toimil ou **Ana Peleteiro** seguro que conseguen fantásticos resultados!



CUESTIONARIO

Unha deportista que admiras?

Ruth Beitia, non podo ter mellor referente.

Que fas logo de adestrar?

Dedicar tempo ao máster no caso deste ano, ir ao fisio, nutricionista ou psicóloga... ou ter un anaquiño para min.

Un consello?


Desfrutar do camiño e facelo para un mesmo, non por "presións" doutras persoas.

Cal é o primeiro recordo do teu deporte?

As primeiras carreiras no magosto do colexio, ou algún cros.

Un soño profesional?

Ir a uns xogos olímpicos.



CUESTIONARIO

Como ves o papel da muller no deporte?

Fundamental, ser inspiración para novas xeracións.

Cal é o mellor recordo da túa carreira deportiva?

O meu primeiro campionato internacional, os Xogos da Xuventude Europea en Holanda.

Tiveches algún tipo de atranco por ser muller no mundo do deporte?

Non, considérome afortunada por practicar un deporte que é igualitario.

Como ves o tratamento polos medios de comunicación do deporte feminino?

Moi infravalorado. Cando hai resultados femininos non teñen a mesma repercusión e moitos con titulares moi inapropiados. Por exemplo, no caso de Belén Toimil, récord de España, o titular foi: "Me maquillo antes de competir". I so foi o máis relevante da entrevista? Non o creo.


Como consideras que é a situación do salto de altura en Galicia?

En crecemento. Hai varias rapazas que van acadando bos resultados e superando as súas marcas persoais.



PUBLICIDADE

Saleta estudou Publicidade e Relacións Públicas, unha disciplina na que o papel da muller non foi sempre ben tratada. Desgraciadamente, se lle dás ao miolo seguro que atopas exemplos de publicidade sexista. Dálle a volta e **deseña a mesma publicidade** desde unha visión NON SEXISTA, onde se trate a muller dunha forma xusta.



Sabías que... o salto de altura na súa modalidade masculina forma parte do programa dos Xogos Olímpicos desde a súa primeira edición de Atenas 1896, mais pola contra a modalidade feminina non debutou até os Xogos de Amsterdam 1928? Pensas que a día de hoxe podería suceder esta situación?

COLOREA

Colorea esta deportista.

